

decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, modificado parcialmente polo Real decreto 448/1995, do 24 de marzo, dicta a seguinte resolución:

Primeiro.-Autorízase a *Caixa Rural de Zamora* para actuar como entidade colaboradora na xestión recadadora dos tributos e outros ingresos de derecho público, con suxeición ao establecido no artigo 78 e demais aplicables do Regulamento xeral de recadación.

Segundo.-Os ingresos realizaranse nas contas restrinxidas abertas, tituladas:

-Tesouro Facenda Pública de Galicia Conta restrinxida de recadación para declaracións-liquidacións, autoliquidacións.

-Tesouro Facenda Pública de Galicia Conta restrinxida de recadación para liquidacións notificadas.

-Tesouro Facenda Pública de Galicia Conta restrinxida de recadación para taxas e prezos.

Terceiro.-*Caixa Rural de Zamora*, deberá comunicarlle, a esta dirección xeral, o número de identificación das contas abertas para cada unha das agrupacións indicadas.

Contra a presente resolución poderá interpoñerse de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Facenda, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

Esta resolución surdirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2004.

Joaquín Caballero Miranda  
Director xeral de Tributos

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

*Decreto 188/2004, do 29 de xullo, polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado de acondicionamento da estrada LU-750 Meira-Baleira. Treito A Muíña-Baleira. Clave: LU/02/040.01.*

Con data do 22 de xullo de 2004 o director xeral de Obras Públicas, por delegación do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda aprobou o proxecto de trazado de acondicionamento da estrada LU-750 Meira-Baleira. Treito A Muíña-Baleira. Clave: LU/02/040.01.

Os bens e dereitos nos que se concreta a declaración de urxente ocupación aparecen recollidos e valorados no citado proxecto.

A competencia para efectuar a declaración de urxente ocupación tena atribuída a Xunta de Galicia en virtude do artigo 2 do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre asunción de transferencias en materia de estradas e a súa asignación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, considerándose xustificada a referida declaración pola súa incidencia na seguridade vial, debido ao estado de deterioración no que se atopa o firme existente.

En virtude de todo o exposto e en aplicación do artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, en relación co previsto no artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, por proposta do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e nove de xullo de dous mil catro,

#### DISPOÑO:

Artigo único.-Declarar a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios e que se concretan no expediente administrativo instruído, para efectos de expropiación no proxecto de trazado de acondicionamento da estrada LU-750 Meira-Baleira. Treito A Muíña-Baleira. Clave: LU/02/040.01.

Santiago de Compostela, vinte e nove de xullo de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Alberto Núñez Feijóo  
Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Decreto 189/2004, do 29 de xullo, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2004/2005.*

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (BOE do 24 de decembro), de universidades, establece no seu artigo 81.3º b) que lle corresponde á Comunidade Autónoma fixar as taxas académicas polos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario, dentro dos límites que a nivel estatal establece o Consello de Coordinación Universitaria do MEC. Para os restantes estudos serán fixados polo Consello Social, artigo 81.3º c) da respectiva universidade, e de acordo co disposto na Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais

do Sistema Universitario de Galicia, no seu artigo 4 e).

A Lei 8/1989, do 13 de abril (BOE do 15 de abril), de taxas e prezos públicos outórgalle ás referidas taxas a consideración de prezos públicos. Pola súa parte a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 43 qué se entende por prezos públicos.

Neste contexto normativo, este decreto fixa os importes que pagarán os alumnos polos estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez nacional no ensino universitario, dentro dos límites que fixe o Consello de Coordinación Universitaria, que este ano, na súa sesión da comisión de coordinación, do 21 de xuño de 2004 (BOE nº 153, do 25 de xuño) fixou, para o curso 2004-2005, o límite mínimo de aumento dos prezos académicos e demais dereitos polos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais na porcentaxe de incremento do IPC, definido no período que vai do 30 de abril de 2003 ao 30 de abril de 2004, e o límite máximo no IPC incrementado en 4 puntos.

Tendo en conta as previsións macroeconómicas xerais para Galicia, e a distinción entre ensinanzas renovadas e non renovadas, así como a diferenza entre o prezo da 1ª e 2ª matrícula fronte ao prezo da 3ª e sucesivas matrículas (Decreto 263/1993, do 28 de outubro), e ao abeiro do establecido no artigo 47 da Lei de Galicia 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, cómpre fixar os prezos correspondentes ao ano académico 2004-2005 polos estudos universitarios conducentes a títulos oficiais, incrementando os prezos do curso pasado na contía correspondente á suba do IPC estatal determinado entre o 30 de abril de 2003 e o 30 de abril de 2004 máis 1,3 puntos (é dicir, o 4%).

Por todo o que antecede, en virtude das atribucións que me confire a Lei 11/1988, do 20 de outubro, de reforma da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, co informe do Consello Galego de Universidades e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e nove de xullo de dous mil catro,

#### DISPÕÑO:

##### Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

1. Os prezos que se pagarán no curso 2004/2005 polos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no Sistema Universitario de Galicia, serán os establecidos segundo as normas deste decreto na contía que se sinala no anexo.

2. O importe dos prezos por estudos conducentes a títulos ou diplomas que non teñan carácter oficial será fixado nas universidades galegas polo seu respectivo Consello Social, de conformidade co establecido no artigo 81.3º e) da Lei orgánica 6/2001, de universidades e a Lei 1/2003, do 9 de maio,

dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, no seu artigo 4 e).

##### Artigo 2º.-Modalidades de matrícula.

1. Ensinanzas non renovadas. Os prezos públicos establecidos nos números 1.1 da tarifa primeira do anexo deste decreto poderán aboarse por curso completo ou por materias. As materias poderán ser anuais ou cuadrimestrais, de acordo co establecido pola universidade, en función do número de horas lectivas que figure nos plans de estudos. O importe do prezo aplicable para as materias cuadrimestrais será a metade do establecido para as anuais.

2. Ensinanzas renovadas. No caso de ensinanzas renovadas, os prezos públicos establecidos nos números 1.2 da tarifa primeira do anexo deste decreto poderán aboarse por curso completo ou por materias. Neste último caso, o importe das materias ou materias calcularase de conformidade co número de créditos asignado a cada unha delas e o prezo establecido para o crédito.

3. Cando un alumno se matricule nunha mesma materia ou disciplina por terceira vez ou posteriores veces, o importe correspondente á devandita disciplina verase incrementado nun 25%.

##### Artigo 3º.-Matrícula de materias soltas.

1. Os alumnos poderán matricularse de materias soltas con independencia do curso a que estas correspondan, excepto cando se establezan incompatibilidades académicas pola universidade.

2. O importe do prezo establecido para cada disciplina solta será diferente segundo que o curso ao que corresponda estea constituído por menos de sete materias anuais ou por sete ou máis materias anuais. Para estes efectos unha disciplina anual será equivalente a dúas cuadrimestrais.

3. O exercicio do dereito de matrícula establecido no parágrafo anterior non obrigará á modificación do réxime de horarios xerais determinados en cada centro de acordo coas necesidades dos seus plans de estudo.

4. Non obstante o establecido nos artigos anteriores, aqueles alumnos que empecen os seus estudos de ensinanzas renovadas ou non renovadas, deberán matricularse do primeiro curso completo, coa excepción dos casos en que sexan validadas materias do dito primeiro curso.

##### Artigo 4º.-Matrícula en créditos de libre elección.

Os créditos correspondentes a libre elección serán aboados de acordo coa tarifa establecida para a titulación que se pretende obter, con independencia do departamento ou centro onde se cursen os ditos créditos.

##### Artigo 5º.-Forma de pagamento da matrícula.

Consonte co disposto no artigo 12.3º do Decreto 172/1992, do 26 de xuño, polo que se ditan as normas para a xestión, liquidación e recadación de taxas e prezos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, as universidades galegas, por resolución reitoral, establecerán os prazos de matriculación dos alumnos que cursen os seus estudos nesa universidade.

O feito de non facer efectivo o pagamento da matrícula ou dalgún dos seus fraccionamentos nos prazos que establece cada universidade, poderá comportar a suspensión temporal dos dereitos dos alumnos e, se é o caso, poderá comportar a anulación da matrícula, sen dereito a ningún reintegro. A nulidade da matrícula implicará a plena nulidade de todos os efectos que esta matrícula puidera producir.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, as universidades exixirán o pagamento das cantidades pendentes por matrículas de cursos académicos anteriores, como condición previa de matrícula ou de expedición de títulos ou certificados.

#### Artigo 6º.-Centros adscritos.

Os alumnos dos centros adscritos, aboaranlle á universidade, en concepto de expediente académico e de proba de avaliación, o 25% dos prezos establecidos na tarifa primeira do anexo, sen prexuízo do establecido no correspondente convenio. Os demais prezos aboaranse na contía íntegra prevista.

Artigo 7º.-Adaptación a novos plans de estudo e validación de estudos.

1. O procedemento de adaptación aos novos plans de estudo será gratuíto. Enténdese por adaptación aos novos plans de estudo a conversión das materias cursadas no plan de estudos de ensinanza non renovadas, en créditos das materias do novo plan de estudos das ensinanzas renovadas, que conduzan á equiparación da titulación.

2. Os alumnos que obteñan a validación ou adaptación de cursos completos ou de materias soltas por razón de estudos realizados en centros nacionais non estatais ou en centros estranxeiros aboaranlle á universidade o 25% dos prezos establecidos na tarifa primeira do anexo. Os demais prezos aboaranse na contía íntegra prevista.

3. Pola validación de estudos realizados en centros estatais non se aboarán prezos, agás se a validación é para a obtención doutro título académico. O prezo neste caso será do 25% dos prezos establecidos no anexo.

#### Artigo 8º.-Bolsas.

De conformidade co establecido no artigo 3.1º do Real decreto 2298/1983, do 28 de xullo (BOE do 27 de agosto), polo que se regula o sistema de bolsas e outras axudas ao estudo de carácter personalizado, os alumnos que reciban unha bolsa de estudos con cargo aos orzamentos xerais do Estado non estarán obrigados a pagar o prezo polos servizos académicos.

Os alumnos que no momento de formalizaren a matrícula se acollan á exención de prezos por teren solicitada a concesión dunha das bolsas de estudos xerais convocadas polo MECED e aos que, posteriormente, non se lles concedese esta, polo que resultaría que o alumno non tería dereito á axuda establecida de matrícula, estarán obrigados ao aboamento do prezo correspondente á matrícula que fixeron. Non aboar o pagamento producirá automaticamente a anulación da dita matrícula en todas as materias.

#### Artigo 9º.-Matrículas de honra.

As bonificacións correspondentes á aplicación dunha ou varias matrículas de honra, levaranse a

cabo logo de facer o cálculo do importe total da matrícula, e no caso das ensinanzas renovadas, aplicarase ó número de créditos correspondentes á disciplina ou materias nas que obtivo a matrícula de honra.

Os estudantes con matrícula de honra global en 2º curso de bacharelato ou con premio extraordinario no bacharelato terán dereito, durante o primeiro ano e por unha soa vez, á exención total do pagamento dos prezos públicos por matrícula.

#### Artigo 10º.-Materias sen docencia.

No caso das materias de plans de estudos con dereito a exame pero nas que non se imparte xa docencia, pagarase por crédito ou disciplina, segundo corresponda, o 25% dos prezos da tarifa ordinaria.

#### Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e nove de xullo de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

#### ANEXO

#### Tarifa primeira. Actividade docente

##### 1.1. Ensinanzas non renovadas

	Primeira e segunda matrícula	Tercera e sucesivas matrículas
Alinea A)		
Curso completo	672,14 €	
Disciplina anual (ou curso de menos de sete materias)	174,75 €	218,45 €
Disciplina anual (ou curso de sete ou máis materias)	115,67 €	144,59 €
Alinea B)		
Curso completo	474,72 €	
Disciplina anual (ou curso de menos de sete materias)	121,06 €	151,32 €
Disciplina anual (ou curso de sete ou máis materias)	80,69 €	102,88 €

Alinea A)	Alinea B)
<ul style="list-style-type: none"> <li>* Licenciado en Farmacia</li> <li>* Licenciado en Histoxia</li> <li>* Licenciado en Matemáticas</li> <li>* Licenciado en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos</li> <li>* Licenciado en Física</li> <li>* Licenciado en Química</li> <li>* Licenciado en Medicina</li> <li>* Licenciado en Odontoloxía</li> <li>* Licenciado en Veterinaria</li> <li>* Licenciado en Informática</li> <li>* Licenciado en Ciencias do Mar</li> <li>* Licenciado en Belas Artes</li> <li>* Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte</li> <li>* Licenciado en Mariña Civil</li> <li>* Arquitecto</li> <li>* Enxeñeiro</li> <li>* Arquitecto Técnico</li> <li>* Enxeñeiro Técnico</li> <li>* Diplomado en Enfermería</li> <li>* Diplomado en Fisioterapia</li> <li>* Diplomado en Terapia Ocupacional</li> <li>* Diplomado en Informática</li> <li>* Diplomado en Óptica e Optometría</li> <li>* Diplomado en Mariña Civil</li> </ul>	<p>Outros estudos de ensinanzas non renovadas conciderados a títulos oficiais de primeiro e segundo ciclo, distintos dos especificados na alinea A)</p>

Tarifa primeira. Actividade docente  
1.2. Ensinanzas renovadas  
(Prezo dun crédito)

	Primeira e segunda matrícula	Terceira e sucesivas matrículas
Alínea A)	11,20 €	14,00 €
Alínea B)	7,91 €	9,89 €

Alínea A)	Alínea B)
<ul style="list-style-type: none"> <li>* Licenciado en Farmacia</li> <li>* Licenciado en Bioloxía</li> <li>* Licenciado en Matemáticas</li> <li>* Licenciado en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos</li> <li>* Licenciado en Física</li> <li>* Licenciado en Química</li> <li>* Licenciado en Medicina</li> <li>* Licenciado en Odontoloxía</li> <li>* Licenciado en Veterinaria</li> <li>* Licenciado en Ciencias do Mar</li> <li>* Licenciado en Belas Artes</li> <li>* Licenciado en Comunicación Audiovisual</li> <li>* Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte</li> <li>* Licenciado en Máquinas Navais</li> <li>* Licenciado en Náutica e Transporte Marítimo</li> <li>* Arquitecto</li> <li>* Enxeñeiro</li> <li>* Arquitecto Técnico</li> <li>* Enxeñeiro Técnico</li> <li>* Diplomado en Enfermería</li> <li>* Diplomado en Fisioterapia</li> <li>* Diplomado en Podoloxía</li> <li>* Diplomado en Logopeña</li> <li>* Diplomado en Terapia Ocupacional</li> <li>* Diplomado en Óptica e Optometría</li> <li>* Diplomado en Máquinas Navais</li> <li>* Diplomado en Navegación Marítima</li> </ul>	<p>Outros estudos de ensinanzas non renovadas conducentes a títulos oficiais de primeiro e segundo ciclo, discentes dos especificados na alínea A);</p>

Tarifa primeira. Actividade docente  
Prezo dun crédito

2. Estudos conducentes ao título de doutor	
Estudos conducentes a un título de doutor con denominación correspondente a un dos títulos especificados na alínea A)	42,06 €
Estudos conducentes a un título de doutor con denominación correspondente a un dos títulos especificados na alínea B)	29,68 €
3. Estudos de especialización	
Estudos de especializacións médicas que non precisen formación hospitalaria do parágrafo 2º do anexo do Real decreto 127/1984, do 11 de xaneiro, en unidades docentes acreditadas	27,19 €
Estudos de especializacións en enfermería en unidades docentes acreditadas, consensadas no Real decreto 992/1987, do 3 de xullo	6,94 €
Estudos das especializacións de farmacia, análises clínicas, en escolas profesionais recoñecidas segundo o Real decreto 2708/1982, de 15 de outubro	27,19 €

Tarifa segunda. Avaliación e probas

1. Probas de aptitude de acceso á universidade	53,80 €
2. Certificado de aptitude pedagóxica	157,41 €
3. Curso en iniciación e orientación para maiores de 25 anos	80,28 €
4. Proba de consulta para homologación de títulos estranxeiros de educación superior	98,47 €
5. Praxectas fin de carreira	98,94 €
6. Suplemento europeo ao título	65,00 €
7. Exame para o grao de licenciado	98,94 €
8. Examen para o grao de conxer	98,94 €
9. Cursos e exame de validación de licenciatura nas escolas sociais	98,94 €
10. Obxención por convalidación do título de diplomado en escolas universitarias	
a) Por avaliación académica e profesional conducente á obxenda convalidación	98,94 €
b) Por tributos exigidos para a dita convalidación	164,77 €

Tarifa terceira. Títulos e secretaría

1. Expedición de títulos académicos	
a) Doutor	154,72 €
b) Licenciado, arquitecto ou enxeñeiro	104,03 €
c) Diplomado, arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico	50,79 €
d) Diploma de estudos avanzados	50,00 €
e) Duplicados de títulos universitarios oficiais	25,74 €
2. Secretaría	
a) Apertura de expediente académico ao comezar os estudos	18,86 €
b) Certificacións académicas e traslado de expediente académico	18,86 €
c) Expedición e mantemento de tarxetas de identidade	4,05 €

*Decreto 190/2004, do 29 de xullo, polo que se crea o conservatorio profesional de música de titularidade do Concello de Ribeira (A Coruña) para impartir as ensinanzas correspondentes aos graos elemental e medio.*

Segundo o disposto no artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, é competencia da Comunidade Autónoma galega a regulamentación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, e de acordo co artigo 1 do Decreto 454/2003, do 26 de decembro (DOG do 19 de xaneiro de 2004), a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden estas competencias.

O conservatorio profesional de música de Ribeira vén impartindo as ensinanzas de grao elemental e medio de música con carácter provisional, primeiro ao abeiro dun convenio asinado o 3 de maio de 1995, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Ribeira, e posteriormente mediante autorizacións provisionais concedidas por Orde do 2 de xullo de 2001 (DOG do 22 de agosto) e pola Orde do 13 de outubro de 2003 (DOG do 27 de outubro).

Realizadas polo Concello de Ribeira as obras necesarias para adaptar as instalacións aos requisitos mínimos previstos no artigo 15.1º do Real decreto 389/1992, do 15 de abril (BOE do 28 de abril), solicita a creación do conservatorio profesional de música para impartir as ensinanzas dos graos elemental e medio que establece a Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (BOE do 4 de outubro).

Cumpridos todos os trámites regulamentarios, e en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e logo de deliberación